



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 20 de decembro de 2018**

ASISTENTES:

Membros :

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.
M^a José Caride Estévez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez.
D^a M^a. Carmen Silva Rego.

Invitados

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte de decembro dous mil dezaioito e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, segundo Resolución de Alcaldía do 17/12/18, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1473).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 7 de decembro e extraordinaria e urxente do 12 de decembro de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1474).- BASES E CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2019) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3.º DE ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. EXPTE. 22843/332.

Visto o informe de fiscalización do 05/12/18, dáse conta do informe-proposta do 11/12/18, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada de Educación, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2018, adoptou o acordo de adxudicar a “Newlink Education, S.L” o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLÉS 2018” (expte. 19872-332) por un prezo total de 1.704.465.-€; de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescripcóns técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 07 de setembro de 2017 e a oferta presentada. O PCAP establece un prazo de duración do contrato de dous anos, e dúas posibles prórrogas, a primeira por un ano de duración e a segunda e última por un periodo máximo de 9 meses e en todo caso, ata o 31 de decembro de 2021. O contrato formalizouse dixitalmente entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria en data 13/Febrero/2018.

Dende fai varios anos, o Concello de Vigo ven mantendo unha decidida aposta formativa por un conxunto de medidas a prol da inmersión lingüística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade, que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas. O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa LOMCE (BOE nº 295 do 10/12/2013), que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE), no seu preámbulo XII indica que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira amósase como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

O artigo 8 “cooperación entre administracións” da LOE , recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.

Logo da entrada en vigor da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) que modifica o artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases



Concello de Vigo

do Réxime Local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova edición do programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en período lectivo (VIGO EN INGLÉS 2019), que nas súas edicións anteriores ten acadado excelentes resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación en lingua inglesa do alumnado vigués.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional. En consecuencia estas estadías lingüísticas previstas en Reino Unido e/ou Irlanda, posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma, convertindo ao alumnado de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, toda a equipa de monitoraxe e alumnado participante no programa estarán uniformados con camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento do programa formativo nas localidades de inmersión e integración lingüística, e achegarán ao persoal educativo dos Highs Schools, ás familias de acollida e autoridades locais en destino, distinto soporte documental específico (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Neste senso e seguindo instrucións da Concelleira de Educación, tramítase o presente expte para a aprobación das bases e convocatoria para a adxudicación de prazas no programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en período lectivo " VIGO EN INGLÉS 2019" dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos.

O contrato en vigor do programa municipal "Vigo en Inglés 2018" (expte. 19872-332), implica que nesta convocatoria do programa municipal "Vigo en Inglés 2019" se poderá ofertar un máximo de 750 prazas para alumnado de 3º curso da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; nun proceso selectivo que outorga unha discriminación positiva na adxudicación dos beneficiarios/as ao alumnado da rede pública que cumpra os requisitos recollidos na convocatoria específica

para a selección do alumnado participante no programa VIGO EN INGLÉS 2019, fronte ao alumnado da rede privada-concertada. Por elo se asigna un 55% de prazas á rede pública, é dicir, un total de 413 prazas , e un 45% de prazas á rede privada-concertada, é dicir un total de 337 prazas; todo elo tendo en conta similares porcentaxes de prazas adxudicadas nas pasadas edicións do programa Vigo en Inglés.

Consonte ao antedito, as 750 prazas, serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, desglosadas nun máximo de 413 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 337 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; e as restantes solicitudes en función da puntuación obtida serán incluídas en dúas listas de agarda, unha delas correspondente ao alumnado dos centros públicos e outra correspondente ao alumnado dos centros privados-concertados.

A asignación dunha porcentaxe maior a prol do alumnado da rede pública persegue, por unha banda establecer unha medida compensatoria, partindo da base de que, con carácter xeral, existe unha correlación entre o nivel socioeconómico e a matriculación en centros públicos. Por outra, preténdese unha compensación en función das necesidades diferenciais de capacitación en lingua estranxeira: un estudo de avaliación realizado pola Universidade de Santiago de Compostela (Luis Sobrado, 2008), sobre rendemento académico, establece que en inglés (4º da ESO) o alumnado de centros públicos obtén case 10 puntos porcentuais menos cós seus compañeiros/as do ensino privado-concertado.

Este Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2019) ten como acción principal a promoción e desenvolvemento de estadias de 3 semanas en Reino Unido e/ou Irlanda en réxime de integración escolar nun "High School" en periodo lectivo , para alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; coa finalidade de mergullarse nunha experiencia lingüística e cultural plena e crear neste alumnado a necesidade de empregar a lingua inglesa en contextos reais 24 horas como ferramenta de comunicación social e vehículo de aprendizaxe escolar, poñendo en valor a educación dende unha perspectiva plurilingüe e intercultural.

Os resultados acadados nas anteriores edicións do Programa Educativo de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS), non fan senón confirmar, ademáis dunha óptima avaliación, a alta satisfacción a nivel didáctico-pedagóxico, na procura de seguir tentando mellorar a competencia en lingua inglesa e na comunicación intercultural no noso alumnado vigués.

A implementación da iniciativa didáctica municipal VIGO EN INGLÉS 2019, implica a prestación do servizo por parte da empresa adxudicataria "Newlink Education, S.L.", especializada na desenvolvemento de programas de inmersión lingüística, que terá como cometido a prestación plural de traballos de distinta natureza e carácter heteroxéneo, tales como , transporte, organización do programa lectivo de inmersión lingüística en destino, aloxamento, manutención, visitas organizadas e información a familias, que supoñen a xestión integral do programa, despois da selección de alumnado que realizará directamente este Servizo de Educación trala aplicación das bases e proceso que son obxecto do presente expediente.

No Prego de condicións técnicas para a contratación do VIGO EN INGLÉS, se explicita que corresponde ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, realizar a convocatoria específica para a selección dos participantes no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa para cada curso escolar; e polo tanto é obrigado proporcionar á empresa que resulte



Concello de Vigo

adxudicataria a relación nominal dos alumnos/as participantes, cos datos de identificación necesarios para a xestión do programa.

Por todo iso, e diante da necesidade de ter seleccionado con antelación suficiente o alumnado beneficiario do programa VIGO EN INGLÉS 2019, cómpre desenvolver a “Convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2019) dirixida ao alumnado de 3º de ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos”, cuxa convocatoria e bases son obxecto do presente expediente. En todo caso, a concesión destas prazas de inmersión lingüística efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Por elo, con carácter previo ao outorgamento da concesión das prazas para participar na iniciativa didáctica municipal “Vigo en Inglés 2019” deberán aprobarse as bases reguladoras para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2019) dirixida ao alumnado de 3º de ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos”.

Unha das complexidades manifestas desta convocatoria é o importante número de destinatarios/as potenciais, estimados nuns preto de 1000 alumnos/as que, conforme aos datos recabados por este Servizo, cumpren todos os requisitos para poder participar neste programa municipal de inmersión en lingua inglesa. Neste sentido é importante salientar que un dos elementos primordiais para a selección do alumnado é premiar o esforzo do mesmo, polo que se establece como requisito imprescindible ter todas as materiais aprobadas e ter obtido unha nota media mínima de 7 en lingua inglesa. Igualmente a participación no programa Vigo en Inglés 2018 non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo, dado que as familias participantes en función da súa renda per cápita aportarán a achega familiar do prezo público que se determina nas bases desta convocatoria ordinaria.

A Ordenanza Fiscal nº 42 Reguladora dos prezos públicos pola participación en programas municipais de carácter voluntario, que se inclúe nas “Ordenanzas de Tributos e Prezos Públicos 2018 do Concello de Vigo”, textualmente indica que: “Teñen a condición de prezos públicos as achegas que realizan os participantes noutros programas do Concello, en contía variable segundo niveis de renda familiar, idades dos participantes e outros parámetros que, directa ou indirectamente poñen de manifesto a capacidade económica familiar. A contía destes prezos públicos poderá ser 0 euros para aqueles participantes con niveis de renda similares aos mínimos exentos nas taxas do Concello. As restantes contías determinaranse, en cada convocatoria segundo o nivel de renda. En ningún caso, o prezo público a satisfacer superará o custe unitario do servizo ou programa”.

Consonte ao actual contrato vixente, o importe total destinado a financiar as prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 1.704.465.-€, e será aplicado con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais do orzamento municipal de 2019. Cómpre indicar que o Pleno desta Corporación Municipal en sesión extraordinaria do día 15/11/2018 aprobou inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o exercizo económico de 2019 (BOP Nº 221 publicado 16/11/2018)

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecida no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de Decembro, de

Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2019) , de acordo co texto que se achega no expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2019) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3.º DE ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

Primeiro.- Obxecto

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 750 prazas en réxime de concorrencia competitiva, segundo contrato en vigor do expte. Administrativo 19872/332 do “contrato maior de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo Vigo en Inglés 2019”; entre o alumnado do 3º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; desglosada esta oferta nun total de 413 prazas para alumnado escolarizado en centros públicos e nun total de 337 prazas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; a fin de que o alumnado solicitante que cumpra os requisitos recollidos nesta convocatoria específica participe no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2019), que se enmarca dentro do programa educativo municipal Aulas Internacionais.

A finalidade do programa VIGO EN INGLÉS é mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:

- 1.- Estadía durante tres semanas en Reino Unido e/ou Irlanda
- 2.- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado no Reino Unido e/ou Irlanda, onde se desenvolverá o programa.
- 3.- Monitores trilingües (inglés, castelán, galego) que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de dous monitores por cada 25 alumnos participantes (un monitor de 1 a 12 e dous monitores de 13 a 25).



Concello de Vigo

- 4.- Matrícula do curso intensivo de mellora en lingua inglesa cun programa de clases de 20 horas e programa en réxime de inmersión lingüística e integración en escolas públicas ou privadas de Reino Unido e/ou Irlanda
- 5.- Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.
- 6.- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- 7.- Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.
- 8.- Aloxamento en casa de familias anfitriñas de fala inglesa.
- 9.- Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.
- 10.- Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.
- 11.- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Segundo.- Contía

A participación no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo; polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles corresponda segundo as contías establecidas no punto sétimo desta convocatoria. Igualmente a participación no programa é incompatible con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2019.

O custe de cada praza é de aprox 2.400 euros, por cada alumno/a participante no programa educativo municipal VIGO EN INGLÉS 2019, que promove o Servizo de Educación do Concello de Vigo e cuxa xestión e organización levarase a cabo por medio de empresa adxudicataria "NEW LINK EDUCATION S.L." que posúe a debida cualificación e especializada na prestación de programas de inmersión e integración lingüística nun High School en período lectivo, e contratada ao efecto polo Servizo Municipal de Educación. Ocuparase de ofrecer os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación da oportuna póliza de seguros para a cobertura das persoas participantes.

O importe total destinado a financiar as 750 prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 1.704.465,00.-€ aprox., con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais (B.V.) do exercizo 2019, quedando esta contía de 1.704.465,00.-€ supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente no exercizo orzamentario futuro de 2019.

Terceiro.- Programa xeral programa VIGO EN INGLÉS 2019

Os contidos do programa de inmersión en lingua inglesa VIGO EN INGLÉS 2019 atópanse a disposición dos interesados na páxina web do programa <http://www.vigoeningles.org>. Os contidos mínimos son os que se expoñen na presente convocatoria.

1. Adxudicatarios e requisitos

Os adxudicatarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

- 1.- Estar a cursar 3.º da ESO nun centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos durante o curso académico 2018/2019.
- 2.- Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.
- 3.- Ter obtido como mínimo unha nota de 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.
- 4.- Estar empadroado no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2018 , dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
- 5.- Non ter concedida, no ano 2019, outra axuda coa mesma finalidade.
- 6.- Ter DNI/NIE, permiso de residencia ou pasaporte en vigor cunha vixencia mínima de 6 meses.

Deberán solicitar as prazas os representantes legais (pai e nai ou titor/a legal) dos alumnos e alumnas.

As 750 prazas ofertadas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremo que se recolle nas presentes bases, desglosadas nun máximo de 413 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 337 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; e as restantes solicitudes en función da puntuación obtida serán incluídas en dúas listas de agarda, unha delas correspondente ao alumnado dos centros públicos e outra correspondente ao alumnado dos centros privados-concertados. No caso de non cubrirse a totalidade das prazas ofertadas nalgunha das dúas redes educativas, estas prazas vacantes acumularanse automaticamente á rede que teña lista de agarda.

2. Número de prazas e destinos

O programa consta de 750 prazas, en grupos de máximo 25 participantes e mínimo 12/13 participantes que se asignarán a como mínimo trinta destinos e máximo sesenta e tres centros educativos de integración (High Schools) diferentes no Reino Unido e/ou Irlanda. O Servizo Municipal de Educación reserva para si o dereito de adxudicar destino aos participantes seleccionados atendendo, na medida do posible, ás preferencias indicadas e a cuestións internas de índole organizativa.

3. Duración da estadía

O programa, de tres semanas de duración, se realizará preferentemente entre a primeira quincena de setembro de 2019 e a primeira semana de outubro de 2019. Con todo, o calendario definitivo comunicarse aos adxudicatarios nas reunións informativas que para tal fin organizará o Servizo de Educación do Concello de Vigo en estreita colaboración coa empresa neste intre adxudicataria "New Link Education S.L."



Concello de Vigo

4. Programa lectivo

O programa componse de estadías dos participantes durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda, nas que se combinarán as seguintes actividades lectivas:

Ao longo deste período, terá lugar a inmersión lingüística mediante a integración en período lectivo do alumnado participante en institutos ou escolas públicas ou privadas (High Schools) do Reino Unido e/ou Irlanda, de nivel educativo equivalente á ESO española e preferentemente previo ao período de integración impartirase un curso intensivo de inglés para a adaptación e o perfeccionamento lingüístico do alumnado participante. Os High Schools estarán autorizados e recoñecidos polos organismos competentes de cada país e contarán con profesorado nativo, titulado e especializado no ensino do idioma; así mesmo, estarán dotados de recursos audiovisuais e informáticos que favorezan a aprendizaxe e facilitarán o acceso do alumnado a estas instalacións. Asignarase un máximo de 25 alumnos/as participantes ou un mínimo de 12/13 participantes en cada centro, distribuídos en distintos grupos-aula e agrupados seguindo criterios como nivel de coñecemento do idioma e idade.

Realizarase un seguimento individual e un control de asistencia do alumnado con informe final do seu rendemento. O centro de integración expedirá, ao remate da estadía do alumnado, unha certificación na que constará a relación nominal dos estudantes participantes no programa VIGO EN INGLÉS 2019 que estiveron integrados neste.

5. Programa de actividades extraescolares e de lecer

O programa lectivo complementarase con actividades de lecer (lúdicas, culturais e deportivas) fóra do horario lectivo e durante a tarde, todos os días da semana, agás o domingo, que poderá reservarse para a interacción entre o alumnado participante e as familias de acollida. Estas actividades de lecer e extraescolares desenvolveranse en inglés e guiadas por persoal especializado con coñecementos culturais adaptados a este tipo de actividades.

6. Viaxe e desprazamentos

O aeroporto inicial de saída e chegada final será o de Peinador de Vigo. As viaxes das familias e alumnado participante dende o seu domicilio ata o aeroporto de saída de Vigo, e o mesmo traxecto de volta, serán por conta dos participantes, As datas e horas previstas de saída e chegada serán comunicadas con antelación suficiente.

7. Información e asistencia a participantes e familias

Realizarase coas familias unha xuntanza informativa nas dependencias que concrete o Servizo de Educación, polo menos unha semana antes do inicio da viaxe. Asemade, antes e durante a viaxe, as familias terán á súa disposición asistencia telefónica e mediante correo electrónico, e poderán acceder a todos os datos relevantes do programa que lles afecten. Así mesmo, e para calquera consulta, os interesados poderán remitirse á oficina do programa VIGO EN INGLÉS ubicada no Servizo de Educación, ben no enderezo Praza do Rei s/n, pranta 11^a (36202 Vigo), no teléfono 986810181, ou a través do correo electrónico vigoeningles@vigo.org.

Cuarto.- Publicidade e prazo

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación das Bases da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP).

A publicidade da presente convocatoria, realizarase tamén a través da páxina web do programa <http://www.vigoeningles.org>, e mediante anuncios na web municipal, nos taboleiros de Concello e dos centros educativos da ESO do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos e igualmente a través dos medios de comunicación locais.

A resolución e a finalidade das prazas, con expresión dos datos identificativos do/a alumno/a solicitante, números de expediente, centros educativos de procedencia e a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou lista de agarda), será publicada na páxina web específica do programa <http://www.vigoeningles.org> e no taboleiro municipal.

Quinto.- Solicitudes e documentación

Solicitudes:

Os alumnos e alumnas que desexen optar a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa poderán recoller o modelo de solicitude (Anexo I) e demais formularios (Anexos II ao V) no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei s/n, pranta 11ª, ou ben descargalos da páxina web <http://www.vigoeningles.org>.

A solicitude de participación no programa (Anexo I) deberá ser asinada polos solicitantes (pai e nai ou titor/a legal) e polo/a alumno/a. No Anexo II deberán explicitar a autorización do pai e nai ou titor/a legal, para solicitar por parte do Servizo de Educación a obtención de información fiscal da Axencia Tributaria. No caso de non autorizar a solicitude de datos da Axencia Tributaria, as familias deberán xustificar documentalmente os seus ingresos achegando fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a expedido pola Axencia Tributaria.

Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes, deberán entregar a antedita solicitude e demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n) ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante correo electrónico á oficina do programa VIGO EN INGLÉS ubicada no servizo municipal de educación, xustificante do envío postal.

Segundo o recollido na cláusula 13ª desta convocatoria, a presentación da solicitude desta praza levará a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos de carácter persoal, e da súa publicación na páxina web do Servizo de Educación así como nos taboleiros de anuncios do Concello e dos centros educativos de Educación Secundaria Obrigatoria do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos.

As prazas para a participación no programa serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremos que se recollen nas presentes



Concello de Vigo

Bases. As solicitudes que cumprindo os requisitos non sexan seleccionadas serán incluídas automaticamente nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

Documentación:

·Solicitud de praza debidamente cuberta e asinada polos solicitantes, segundo modelo que figura no **Anexo I**.

· Autorización de solicitud de información fiscal, segundo modelo que figura no **Anexo II**.

·Fotocopia simple do DNI/NIE ou pasaporte en vigor do/a alumno/a solicitante (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).

·Fotocopia simple do DNI/NIE dos solicitantes (pai e nai ou titor legal) que asinan a solicitud de participación do **Anexo I**.

·**Certificación académica orixinal**, emitida polo centro educativo na que deberá figurar que o alumno/a está matriculado en 3º de ESO nun centro do Concello de Vigo sostido con fondos públicos no curso 2018/2019 e as cualificacións finais que deberá ter aprobadas todas as áreas ou materias cursadas en 2º de ESO; con mención específica da nota na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO, que deberá ser como mínimo dun 7.

·Xustificación de ingresos: Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitud de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar Fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

·Autorización asinada polo pai, nai ou titor legal, segundo o modelo que figura no **Anexo III**.

·Fotocopia simple do libro de familia na que figuren todos os membros da unidade familiar ou documentación acreditativa da titoría legal e, de ser o caso, acreditar outras circunstancias familiares especiais. Teñen a consideración de circunstancias familiares especiais as seguintes que deberán acreditarse documentalmente, segundo proceda :

- Familia numerosa
- Pai/nai solteiro/a
- Divorcio ou separación
- Viúvo/a

·Declaración de non ter concedida, no ano 2019, outra axuda coa mesma finalidade, segundo o modelo que figura no **Anexo IV**.

·No caso de que o participante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo

establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

A obtención e disfrute da praza falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impidiran, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da praza concedida, e a exixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Sexto.- Tramitación e reparación de erros

A instrución do procedemento de adxudicación das prazas convocadas corresponde ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa destes e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que subsane os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para que no prazo de 10 días hábiles (contados a partir da recepción da notificación vía correo ordinario ou correo electrónico), emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e se lle informará de que, no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

Sétimo.- Criterios de valoración e determinación de achegas familiares

A selección das solicitudes e asignación de prazas farase atendendo á puntuación total obtida por cada alumno/a, resultante de aplicar os seguintes criterios (a,b,) :

a) A puntuación obtida na nota final da materia de Lingua inglesa segundo o seguinte baremo:

- Nota final: 7 → 1 punto
- Nota final: 8 → 2 puntos
- Nota final: 9 → 3 puntos
- Nota final: 10 → 4 puntos

b) Para a consideración de familia numerosa de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, aplicarase o seguinte baremo:

- Categoría xeral → 1 punto
- Categoría especial → 2 puntos

A determinación de achegas familiares se asignará segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar recollido na seguinte táboa. A renda per cápita da unidade familiar, calcúlase como suma dos ingresos da unidade familiar divididos entre o seu número de membros. Ten a consideración de ingresos da unidade familiar a suma da base impoñible xeral máis a base impoñible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por unidade familiar a formada polas/os nais/pais, titor/a do alumnado solicitante, e tamén os irmáns solteiros e menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio fami-



Concello de Vigo

liar, e os irmáns maiores de dezaioito anos con minusvalía superior ao 33% (circunstancia que deberá acreditarse co documento xustificativo oportuno).

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase un deterioro significativo en relación coa que consta na declaración do IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación acreditativa correspondente.

A efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable a aquel deles que non conviva co alumno/a. Sen embargo, se é o caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, as rendas de patrimonio do cal incluíranse dentro do cómputo da renda e patrimonio familiar.

No caso de familias monoparentais computarase un membro máis na unidade familiar sempre que se achegue xustificación documental da situación (libro de familia, sentenza divorcio, convenio regulador, certificado de defunción, etc.)

TRAMOS RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR	ACHEGA FAMILIAR
Ata 6.000,00.-€	Exento
Entre 6.001,00.-€ e 10.000,00.-€	240.-€ (equivale ao 10% custe da praza)
Entre 10.001,00.-€ e 13.000,00.-€	360.-€ (equivale ao 15% custe da praza)
Maiores de 13.001,00.-€	600.-€ (equivale ao 25% custe da praza)

As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles a achega máxima de aportación familiar, e figurarán ao remate da lista cos empatados á mesma puntuación, e si fora o caso dando prioridade ao solicitante de maior idade.

A adxudicación terá carácter de concorrencia competitiva, e será efectuada coas proporcións por rede escolar que se conteñen nas bases, polo tanto non será suficiente para obter asignación de praza, reunir todos os requisitos esixidos nesta convocatoria, senón obter tamén un número de orde que sitúe ao alumno/a solicitante dentro das 750 prazas que se van conceder, desglosadas nun máximo de 413 prazas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 337 prazas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados.

No caso de se producir empates na puntuación final, o criterio de desempate será a menor renda per cápita, e si este criterio non fora suficiente os empates resolveranse mediante un sorteo en acto público no que se extraerá a letra de prioridade do 1º apelido. O/a primeiro/a

solicitante seleccionado será aquel que tendo en conta a orde de extracción, o seu primeiro apelido comence pola letra extraída. Non se terán en conta artigos ou preposicións que acompañen aos apelidos. De non existir un solicitante cuxo primeiro apelido comece pola letra extraída, o primeiro solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido sexa o inmediato posterior de acordo coa orde alfabética. Logo do sorteo e de persistir o caso de empate darase preferencia ao solicitante de máis idade.

Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, formarase dúas listas ordeadas de agarda, para o caso de que existan baixas ou renuncias nas listas iniciais de seleccionados do alumnado escolarizado en centros públicos e do alumnado escolarizado en centros privados-concertados. De existir prazas vacantes por renuncia, estas serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado dos centros públicos e correspondente a alumnado dos centros privados-concertados.

Oitavo.- Comisión de valoración

A Comisión de valoración estará integrada pola Concelleira Delegada de Educación, que actuará de presidenta, a Xefa do Servizo de Educación e un Técnico do Servizo de Educación que actuará como secretario.

Este órgano colexiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan nesta convocatoria, e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional para a participación no “Vigo en Inglés 2019”, na que se concretará o resultado da avaliación, debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da praza, seguidas das solicitudes que inda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a praza por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar o “listado de agarda”, finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional no crea dereito algún a favor do/a beneficiario/a da praza ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Esta Comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poidan xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria. A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

Noveno.- Concesión e resolución das prazas

Unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto sétimo, e examinadas e resoltas as alegacións achegadas polos/as interesados/as, o Servizo municipal de Educación, conforme aos informes da Comisión de valoración, elevará a Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución definitiva que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, número de expediente, centro educativo de procedencia e resolución das prazas, indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada, con indicación do motivo ou motivos polos que se denega, e finalmente contía asignada correspondente de achega familiar. Así mesmo, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os adxudicatarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas. Seguindo os principios de transparencia e de



Concello de Vigo

boas prácticas nas administracións públicas a Concellería de Educación publicará a relación de adxudicatarios/as na súa páxina web oficial <http://www.vigoeningles.org>. no taboleiro de anuncios do Servizo de Educación e nos taboleiros de anuncios dos centros educativos que aporten alumnado participante.

Décimo.- Aceptacións e renuncias

Os alumnos e alumnas que, logo do acordo expreso adoitado pola Xunta de Goberno Local, resulten adxudicatarios definitivos das prazas para participar no programa VIGO EN INGLÉS 2019 deberán presentar asinada no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei s/n, pranta 11ª, unha aceptación expresa segundo o modelo que figura no **Anexo V** nun prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación na páxina web da concesión definitiva da praza, acompañado naqueles casos que proceda do pertinente xustificante bancario de pagamento.

Para isto último, o Servizo Municipal de Educación comunicará con antelación suficiente a todos os beneficiarios/as, o proceso concreto para efectuar o pagamento pola contía asignada correspondente de achega familiar. A non xustificación do ingreso da cantidade indicada, dentro do prazo que se fixe, implica a renuncia á praza adxudicada. Este pagamento non terá dereito á devolución da cantidade aboada no caso de renuncia posterior, agás causa grave debidamente acreditada co correspondente xustificante documental do motivo:

- Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegarse xustificante médico)
- Motivos familiares, enfermidade, accidente grave, falecemento dun familiar ou outros (deberá achegarse xustificación do motivo)

Inda que se teña aceptado a praza coa sinatura do Anexo V, todo aquel alumno/a beneficiario/a que 4 semanas antes da data de saída da viaxe, non teña presentado na oficina de VIGO EN INGLÉS ubicada no servizo de educación, a documentación necesaria (DNI/NIE e/ou pasaporte en vigor) para a realización da viaxe, poderá perder a praza adxudicada, que será ofertada ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado de centros públicos ou correspondente a alumnado de centros privados-concertados.

En todo caso, cómpre que aqueles alumnos/as que resulten adxudicatarios/as definitivos e teñan previsto cambiar de centro educativo para o seguinte curso lectivo escolar, comuniquen coa debida antelación esta circunstancia ao servizo municipal de educación, coa finalidade de poder trasladar a información concreta actualizada ao seu novo centro educativo.

Décimo primeiro.- Expulsión do programa

Poderán ser causas para a expulsión dun alumno/a do programa as faltas de disciplina, o reiterado mal comportamento e o incumprimento das normas de disciplina establecidas. Poderán ser motivos de expulsión inmediata os seguintes:

-O incumprimento das leis do país en que se desenvolve o programa.

-O consumo de alcohol se non se ten a idade legal para facelo no país onde se desenvolve o programa.

-O consumo ou a posesión de drogas.

-Conduñas disruptivas e/ou comportamentos asociais.

-Aqueles outros motivos que se recollan no regulamento de réxime interno do programa.

No caso de expulsión, o expulsado deberá facerse cargo dos gastos ocasionados polo seu regreso anticipado. Igualmente, no caso do alumnado que se atope realizando a estadía e decida abandonar o programa, sen unha causa grave debidamente xustificada, o solicitante asumirá os gastos polo seu regreso anticipado.

Décimo segundo.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Décimo terceiro.- Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o *“Programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo – Vigo en Inglés 2019”*.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no Programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos serán obxecto de cesión á empresa “NEW LINK EDUCATION, S.L.”, adxudicataria do Programa municipal de inmersión lingüística, que asume expresamente as responsabilidades que como encargada do tratamento deses datos lle corresponden. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa



Concello de Vigo

vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Décimo cuarto.- Disposición final

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das presentes bases desta convocatoria.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2019

(CUMPRIMENTAR EN LETRA DE IMPRENTA)

1.DATOS DO/A SOLICITANTE (PAI E NAI OU TITOR LEGAL DO/A ALUMNO/A)

Nome e apelidos do pai ou titor:					
Nome e apelidos da nai ou titora:					
DNI/ NIE pai ou titor:			DNI /NIE nai ou titora:		
Enderezo:	Rúa	N.º	Bloque	Piso	C.P.
Poboación:		Provincia:			
Teléfono fixo:		Telf móvil Pai:		Telf móvil Nai:	
Correo electrónico:					

2.DATOS DO/A ALUMNO/A

Primeiro apelido:				
Segundo apelido:				
Nome:		DNI / NIE		
Enderezo:	Nº	Piso	Bloque	C.P.

Poboación:	Provincia:		
Data de nacemento:	Sexo:	Home <input type="radio"/>	Muller <input type="radio"/>
Teléfono fixo:	Teléfono móbil:		
Correo electrónico:			

3.OBSERVACIÓNS

Réxime alimenticia, alerxias, doenzas, etc.:
--

4. DATOS ACADÉMICOS

Centro no que estuda:				
Nivel de estudos no curso 2018/2019:				
Cualificación en Lingua inglesa en 2.º de ESO:	7 <input type="radio"/>	8 <input type="radio"/>	9 <input type="radio"/>	10 <input type="radio"/>
Todas as materias de 2.º de ESO aprobadas:	Si <input type="radio"/>		Non <input type="radio"/>	

5. DATOS RELATIVOS AO ADXUDICATARIO

É de nacionalidade española ou residente legal:	Si <input type="radio"/>	Non <input type="radio"/>
Está empadroado no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2018 :	Si <input type="radio"/>	Non <input type="radio"/>
Está matriculado nun centro educativo sostido con fondos públicos de Vigo no curso 2018/2019:	Si <input type="radio"/>	Non <input type="radio"/>
Ten concedida , no ano 2019, outra axuda coa mesma finalidade que a presente:	Si <input type="radio"/>	Non <input type="radio"/>

6. DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA (RISQUE CUN X)

<input type="checkbox"/>	Fotocopia simple do DNI/NIE, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) do pai e nai ou titor legal.
--------------------------	--



Concello de Vigo

<input type="checkbox"/>	Fotocopia simple e completa do libro de familia (en vigor) ou documentación acreditativa da titoría legal.
<input type="checkbox"/>	Fotocopia do título de familia numerosa en vigor
<input type="checkbox"/>	Fotocopia da sentenza de divorcio, convenio regulador, certificado de defunción.
<input type="checkbox"/>	Fotocopia do certificado de discapacidade
<input type="checkbox"/>	Certificación académica orixinal emitida polo centro educativo na que conste estar matriculado en 3º da ESO no curso 2018/2019, a nota final en Lingua inglesa de 2º de ESO e ter aprobadas todas as materias de 2º de ESO.
<input type="checkbox"/>	Outros (especificar):

Solicita, segundo o establecido na convocatoria do programa VIGO EN INGLÉS 2019, que se lle conceda a mencionada praza para a participación no programa indicado. Así mesmo, autoriza ao Servizo de Educación para o tratamento necesario, a publicación destes datos, e o uso pedagóxico na web institucional das imaxes das actividades desenvolvidas neste programa.

***AUTORIZAMOS expresamente ao tratamento dos datos persoais recollidos nesta solicitude aos exclusivos efectos de xestión desta convocatoria.**

Sinaturas Solicitantes (pai e nai ou titor legal)

Sinatura Alumno/a solicitante

Vigo, de de 2019

Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o “Programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo – Vigo en Inglés 2019”.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos. A lexitimación do tratamento dos datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no Programa.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos serán obxecto de cesión á empresa “NEW LINK EDUCATION, S.L.”, adxudicataria do Programa municipal de inmersión lingüística, que asume expresamente as responsabilidades como encargada do tratamento. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO II

AUTORIZACIÓN INFORMACIÓN FISCAL VIGO EN INGLÉS 2019

Con motivo da solicitude de participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2019), dou/damos expresamente o meu/noso consentimento para a comprobación telemática, pola que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e, AUTORIZO/ZAMOS ao Servizo de Educación do Concello de Vigo para que, conforme ao disposto no art 2.4º da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información relativa á última declaración da renda aos efectos de comprobar a renda per cápita da unidade familiar.

Parentesco	Nome e Apelidos	DNI / NIE	Sinatura
Alumno/a			
Pai / Titor / Outros			
Nai / Titora / Outros			

Vigo, [] de [] de 2019

Asinado.



Concello de Vigo

Pai/nai/titor/a legal:

A N E X O III

AUTORIZACIÓN DO/A REPRESENTANTE LEGAL

PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2019

Don/Dona: [REDACTED] co

DNI/NIE nº [REDACTED], como pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a solicitante

autorizo a [REDACTED],

a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2019) organizado polo Servizo de Educación do Concello de Vigo durante o período setembro-outubro de 2019, e a recibir a atención médica que, de darse o caso, fose precisa.

Asemade, quedo enterado/a de que deberei aceptar ou rexeitar expresamente a praza.

Vigo, [REDACTED] de [REDACTED] de 2019

Asinado.

Pai/nai/titor/a legal: [REDACTED]

ANEXO IV

**DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDAS
PARA A MESMA FINALIDADE**

PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2019

Don/Dona.: [REDACTED], co
DNI/NIE nº [REDACTED], como pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a
[REDACTED], co DNI/NIE nº
[REDACTED]

Tendo presentado unha solicitude para a participación no Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2019), consonte as “bases e convocatoria para a adjudicación de prazas no VIGO EN INGLÉS 2019 dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos”

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

- Que non solicitei e non se me concederon, no ano 2019, axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas
- Que solicitei e se me concederon ou están pendentes de resolución de concesión, no ano 2019 axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.

E, para que así conste, asino esta declaración no lugar e data de abaixo indicados

Asinado pai/nai/titor/a legal: [REDACTED]

Vigo, [REDACTED] de [REDACTED] de 2019



Concello de Vigo

ANEXO V

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA CONCEDIDA

PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2019

DATOS DO PAI / NAI / TITOR-A SOLICITANTE

-DNI/NIE:	
-Nome:	
-1º apelido:	
-2º apelido:	

DATOS DO ALUMNO/A

1.DNI/NIE:	
2.Nome:	
3.1º apelido:	
4.2º apelido:	

ACEPTACIÓN	RENUNCIA
<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

A aceptación da presente praza implica o desenvolvemento do programa VIGO EN INGLÉS 2019 consonte coas bases da súa convocatoria

Sinatura do pai, nai ou titor legal

Sinatura do/a alumno/a beneficiario/a

Vigo , de de 2019

Servizo de Educación
Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS)
Praza do Rei s/n, Pranta 11ª
36202 Vigo

3(1475).- PÉRDIDA DO DEREITO DE COBRO DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DAS “AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO” OUTORGADA Á “ASOC. FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER GALICIA”. EXPTE. 14601/77.

Visto o informe de fiscalización do 13/12/18, dáse conta do informe-proposta do 06/12/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión extraordinaria e urxente do 4 de xullo de 2017, acordou concederlle de conformidade coa proposta da Comisión de Valoración e seguimento da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos a **ASOCIACIÓN FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER GALICIA – AFAGA**, una subvención para o gasto solicitado para a contratación dun Licenciado/a en Informática e unha Auxiliar administrativo por un período de 3,05 meses por o importe recollido na seguinte táboa:

AFAGA- ALZHEIMER	G36776920	8.582,30 €
------------------	-----------	-------------------

Con data 05/07/07, ás 09:25h, a devandita resolución foille comunicada por medio do correo electrónico ao enderezo facilitado na solicitude a efectos de notificación: afaga@afaga.com.

Toda esta documentación figura no expte. 13900/77, así como a comunicación que se lle fixo por correo electrónico da resolución de concesión de Subvención con data 05/07/17.

O pasado 24 e 31 de outubro de 2017 no Rexistro Xeral deste Concello, a ASOCIACIÓN FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER GALICIA - AFAGA presenta documentación xustificativa (doc. 170145204 e 170150112, respectivamente) da subvención concedida a esta entidade pola contratación de dúas persoas (un/ha Licenciado/a en Informática e un/ha Auxiliar Administrativo/a).

Con data 14/11/2017, o xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, á vista da documentación xustificativa da subvención presentada pola entidade, emite informe indicando que:

“(…) sen entrar na valoración da documentación da xustificación aportada, apréciase a falta da/s acta/s da Comisión de Seguimento segundo se establece na base 19ª, non constando a realización de ningunha xuntanza da devandita comisión conforme ao establecemento nesta base. De feito, o 20/03/17 a entidade enviou por correo electrónico ao enderezo electrónico de ofi.emplo@vigo.org a oferta de emprego dos dous postos de emprego que solicitaban ao amparo desta convocatoria de subvencións, segundo o Anexo VII, para ser publicada, de acordo á Base 2ª aptdo. 11., dende 22 ao 30 de marzo. Cumplido este requisito de convocatoria pública de emprego conforme á Base 2ª, non consta que a entidade realizara petición algunha para convocar unha primeira xuntanza da comisión de Seguimento, polo



Concello de Vigo

que tampouco consta a realización da selección de persoal a contratar, conforme á proposta motivada presentada pola entidade e proposición das contratacións de persoal a realizar.

Ao non constar a realización de ningunha xuntanza da Comisión de Seguimento, non se cumpre un dos requisitos dos solicitantes indicado na Base 2ª, en concreto no aptdo 12., xa que o secretario da entidade non presentou ningunha certificación da publicación da oferta de emprego da súa entidade.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Conforme á Base 19ª da convocatoria de Subvencións para o Fomento do Emprego en Entidades sen Ánimo de Lucro para o ano 2017 (expdte. 13659/77), sobre a Comisión de Seguimento: "Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

5.O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

6.Tres vocais:

a)Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, que actuará como secretario da comisión.

b)Dous a membros nomeados pola Xunta directiva da entidade.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, que se convocará a petición da entidade solicitante unha vez realizada a convocatoria pública de emprego, conforme á Base 2ª e teña unha proposta de contratación, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Realizar as selección de persoal a contratar, conforme a proposta motivada presentada pola entidade e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.

Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.”.

Ademáis, segundo a Base 2ª, aptdo. 12: “O/A secretario/a de cada entidade certificará a publicación das ofertas de emprego ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar”.

Tendo en conta a normativa antes exposta, os motivos polos que procede a perda do dereito ao cobro (revogación da subvención) son, de acordo coa Base 17ª a) terceiro parágrafo:

– Incumprimento da Base 19ª, tal e como se detallou no apartado dos Antecedentes.

– Incumprimento da Base 2ª, aptdo 12, tamén explicado nos Antecedentes deste Informe.

Por estes motivos, **non** procede o dereito ao cobro da subvención por parte da entidade.

Conforme á Base 17ª. a) da convocatoria, dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nas bases-convocatoria e, en particular de:

- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nas Bases, con motivo da concesión das subvencións.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptárase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Á vista do exposto no apartado anterior procede iniciar un expediente de revogación da subvención outorgada para o Fomento do Emprego en Entidades sen Ánimo de Lucro para o ano 2017 a prol de ASOCIACIÓN FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER GALICIA - AFAGA, xa que, salvo proba en contrario, apréciase a concorrencia de determinadas circunstancias establecidas na Base 19ª e 2ª aptdo 12 da convocatoria que determinan a perda do dereito ao cobro da subvención, como é o incumprimento pola beneficiaria das seguintes obrigas:

As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nas Bases, con motivo da concesión das subvencións, entre as que se atopa a de falta da/s acta/s da Comisión de Seguimento segundo se establece na base 19ª, non constando a realización de ningunha xuntanza da devandita comisión conforme ao establecemento nesta base.”

- Perda do dereito ao cobro:

Dacordo co disposto no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e no artigo 89 do seu Regulamento, producírase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37. A tal efecto, a letra f) sinala como unha destas causas: o incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao xeito en que se teñan que acadar os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que



Concello de Vigo

fundamenta a concesión da subvención; e a letra i) engade: nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o establecido no artigo 42 da LXS.

Xa que logo e, en consonancia co exposto no informe anteriormente transcrito, procedeuse mediante orde de inicio de expediente asinada polo concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos de data **14/11/2017**, ao inicio do procedemento de revogación e perda do dereito ao cobro da subvención outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 04/07/2017 a prol de ASOCIACIÓN FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER GALICIA - AFAGA para o gasto solicitado para a contratación dun Licenciado/a en Informática e un/ha Auxiliar Administrativo/a por un período de 3,05 meses e por un importe de 8.582,30€ €.

Mediante notificación asinada polo xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego en data 16/11/2017, co conforme do concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do 17/11/2017, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a asociación poidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

Dende a recepción da devandita notificación (segundo o acuse de recibo electrónico que consta no expediente) non consta que se teña achegado ningunha documentación ata a data por parte da entidade interesada unha vez transcorrido amplamente o prazo outorgado.

Xa que logo, resulta procedente declarar decaída á interesada no seu dereito ao trámite e formular a proposta de acordo de perda do dereito ao cobro total da subvención outorgada dacordo cos antecedentes e fundamentación anteriormente exposta.

A presente declaración da perda do dereito ao cobro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Declarar a perda total do dereito ao cobro da subvención outorgada á ASOCIACIÓN FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER GALICIA – AFAGA co NIF:G36776920, por incumprimento da Base 19ª e Base 2ª, aptdo. 12, conforme á Base 17ª. A) das bases reguladoras e convocatoria das subvencións para o Fomento do Emprego a Entidades sen Ánimo de Lucro para o ano 2017 (Exp. 13659/77).

A presente declaración da perda do dereito ao cobro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o presente acordo aos efectos oportunos.

2º.- Notificar o presente acordo á interesada no expediente, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1476).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE 2018. EXPTE.7765/335.

Dáse conta do informe-proposta do 12/12/18, asinado pola xefa do Servizo de Festas e pola concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo, que di o seguinte:

Expte: 7650/335. CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE BAIXA TENSIÓN NO AUDITORIO DE CASTRELOS

Decreto concelleira data: 05/11/2018

Informe Intervención: ADM 87516

Adxudicatario: ELVAN INSTALACIONES SL



Concello de Vigo

Importe total: 2.017,86 EUROS

Expte: 7690/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DO CONCERTO GALA LÍRICA 2018

Decreto concelleira data: 14/11/2018

Informe Intervención: ADM 89688

Adxudicatario: ASOCIACIÓN BANDA DE MÚSICA UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES

Importe total: 5.360,00 EUROS

Expte: 7647/335. CONTRATACIÓN DO DESEÑO DE IMAXE XENÉRICA E DOS SOPORTES PUBLICITARIOS PARA O PROGRAMA NADAL 2018

Decreto concelleira data: 15/11/2018

Informe Intervención: ADM 90336

Adxudicatario: ECOVIGO PUBLICIDAD SL

Importe total: 3.388,00 EUROS

Expte: 7648/335. CONTRATACIÓN DA IMPRESIÓN E DISTRIBUCIÓN DO MATERIAL GRÁFICO PARA A DIFUSIÓN DO PROGRAMA NADAL 2018

Decreto concelleira data: 15/11/2018

Informe Intervención: ADM 90337

Adxudicatario: ECOVIGO PUBLICIDAD SL

Importe total: 13.251,92 EUROS

Expte: 7724/335. CONTRATACIÓN DAS ANIMACIÓNS DO CARTEIRO REAL POR BARRIOS E POR ZONAS COMERCIAIS CON MOTIVO DO NADAL 2018

Decreto concelleira data: 28/11/2018

Informe Intervención: ADM 97630

Adxudicatario: TROULA ANIMACIÓN SL

Importe total: 12.771,55 EUROS

Expte: 7730/335. CONTRATACIÓN DO OBRADOIRO DE DESEÑO 3D CON MOTIVO DO NADAL 2018

Decreto concelleira data: 29/11/2018

Informe Intervención: ADM 97633

Adxudicatario: YOLANDA SANJORGE PAZOS

Importe total: 2.090,40 EUROS

Expte: 7727/335. CONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES LÚDICO EDUCATIVAS INFANTÍS CON MOTIVO DO NADAL 2018

Decreto concelleira data: 30/11/2018

Informe Intervención: ADM 97632

Adxudicatario: OPEN SPAIN PROJECT CONSULTING SL

Importe total: 16.390,00 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

5(1477).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PLAN DE OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVICIOS DE TEMPADA: QUIOSCOS NAS PRAIAS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2019”. EXPTE. 13848/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 12/12/18, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

1.- A concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 22 de novembro de 2018, iniciou expediente administrativo para a aprobación do plan de ocupación e explotación dos servizos de tempada nas praias do termo municipal de Vigo para a tempada estival do ano 2019, e para o outorgamento das autorizacións de instalación e explotación a terceiros a través do procedemento legalmente previsto (respectando os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva).

2.- O Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica remitiu documentación sobre os criterios a ter en conta na elaboración e explotación dos servizos de tempada (doc. 180193569, Rexistro Concello de Vigo 04/12/2018).

3.- A pedimento e coas indicacións do Servizo de Medio Ambiente, os arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo elaboraron documentación técnica para estas instalacións:

- Condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.
- Memoria descritiva das instalacións.
- Certificación de distancias entre quioscos.
- Fotografías emprazamentos.
- Planos de emprazamento dos quioscos con zonificación PXOM.
- Planos de emprazamento dos quioscos no que se representa a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre.

4.- O Inspector municipal de Medio Ambiente emitiu informe sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2018.

5.- O delineante municipal da oficina de Patrimonio e Inventario, en 11 decembro de 2018, emitiu informou sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.

II.- Fundamentos de dereito:

O artigo 115.c) da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas sinala entre as competencias municipais “explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas



Concello de Vigo

praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local”.

O artigo 113 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas, establece que:

- As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias que só requiran instalacións desmontables, serán outorgadas polos concellos que o soliciten, na forma que se determina nos apartados seguintes.
- Haberá que solicitalas dirixíndose ó servizo periférico de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no prazo establecido,
- Os servizos de tempada poderán contar cunha autorización por un prazo máximo de catro anos, se ben as instalacións deberán desmontarse, unha vez rematada cada unhas das tempadas incluídas no prazo de duración da autorización.
- Outorgada a autorización polo Servizo Periférico de Costas, os Concellos, tralo abono do canon de ocupación correspondente, poderán proceder a súa explotación, por sí ou por terceiros.

O artigo 51 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas establece a necesidade de autorización administrativa para ocupar o dominio público marítimo terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles, que corresponde outorgar á administración do Estado.

O artigo 26 da citada Lei e 49.1. do regulamento que a desenvolve, establecen a obriga de obter autorización administrativas para as instalacións que se sitúen en zonas de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que corresponde outorgar á Comunidade Autónoma.

Tamén, o artigo 53.1., parágrafo segundo, da Lei 22/1988, de 28 de xullo, establece que “no caso de que os Concellos opten por explotar os servizos de tempada a través de terceiro, aqueles garantirán que nos correspondentes procedementos de outorgamento se respecten os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”

O Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, regula no seu artigo 2º.2.i) o requisitos para autorizar as instalacións ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre, tendo emitido documento informativo sobre estas autorizacións.

Neste sentido, o Concello de Vigo ben aprobando anualmente o plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos nas praias do termo municipal de Vigo, que comprende aquelas instalacións desmontables situadas en terreos de dominio público marítimo terrestre e aquelas outras situadas en terreos municipais en zona de servidume de protección ou de tránsito deste dominio. O prazo destas ocupacións estímase como xeral do 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2019.

As ditas instalacións de tempada: quioscos considéranse precisas nos areais polos servizos que prestan aos usuarios, no so polos subministracións de bocadillos, bebidas, xelados...

senón tamén por dispor, encargarse da limpeza, de baños públicos e gratuítos para os usuarias como ben esixíndolles este Concello.

Elaborouse unha proposta de ocupación de acordo coa seguinte distribución:

DESCRICIÓN	EMPRAZAMENTO	ZONIFICACIÓN, DE COSTAS	LEI	OCUPACIÓN PECHADA EN M2	OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2
QUIOSCO 1	Areal da Punta. A Guía	Propiedade municipal, Zona de servidume de tránsito		20	40
QUIOSCO 2	Areal de Santa Baia, Alcabre	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección		20	40
QUIOSCO 3	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección		20	40
QUIOSCO 4	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección		20	40
QUIOSCO 5	Areal de Argazada	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección		20	40
QUIOSCO 6	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección		20	40
QUIOSCO 7	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección		20	40
QUIOSCO 8	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección		20	40
QUIOSCO 9	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre		20	50
QUIOSCO 10	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre		20	50
QUIOSCO 11	Areal da Etea	Dominio público marítimo terrestre		20	0

Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos que se achegan no expediente.

A documentación e informes técnicos emitidos polos arquitectos municipais asinada electronicamente en data 10 de decembro de 2018 e obrante no expediente, indican a súa conformidade co planeamento urbanísticos, adecuación á normativa de accesibilidade e a



Concello de Vigo

observancia, en tódolos casos, das prescricións de distancias e medidas, especificadas polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, o Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, en cumprimento da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

Os quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11 que se sitúan en dominio público marítimo terrestre ou na zona de servidume de tránsito cuxa autorización sectorial corresponde ó Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica cumpre tanto co esixido para ocupacións en tramos naturais de praias como para ocupacións en tramos urbanos, segundo o establecido no artigo 68 e 69 do Regulamento de costas aprobado por Rd 876/2014, de 10 de outubro. Neste sentido as ocupación non superan os 20 m² de superficie cerrada nin os 50 m² de superficie de terraza aberta, sitúanse a unha distancia igual ou superior a 300 ml, a ocupación da praia e moi inferior ó 10% da superficie en preamar, e os usos están permitidos.

Os quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 que se sitúan na zona de servidume do dominio público marítimo terrestre cuxa autorización sectorial corresponde á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (CMAOT) cumpre co esixido especificamente para a instalacións desmontables de tempada do Real decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, superficie que non supera os 20 m² de ocupación pechada, distancia superior a 100 ml nos quioscos de Samil, Argazada e Tombo do Gato e nos outros incluso superan os 300 ml.

A Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de Xullo, de Costas (BOE do 30 de maio, entrada en vigor ó día seguinte), introduciu diversas modificación na citada lei de costas, en concreto, no referente ás praias e amplía o prazo máximo das autorizacións para instalacións desmontables, quioscos de tempada, que pasan de un a catro anos.

A Disposición final terceira da citada Lei 2/2013, de 29 de maio, establece que:

“No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno aprobará a revisión do Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, e ditará as disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento e execución desta Lei.”

O Regulamento xeral de costas foi aprobado por Rd 874/2014, de 10 de outubro. Non obstante, o Decreto autonómico 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que regula no seu artigo 2º.2.i) o requisitos para autorizar as instalacións ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre e documento informativo sobre estas autorizacións do ano 2011; non foi modificado polo que as autorizacións sectoriais dos quioscos na zona de servidume – a case totalidade – non foron modificadas, resultado para un só ano, no período 1 de xuño a 30 de setembro e para unha superficie máxima cerrada de 20 m².

Polo exposto, na espera dunha harmonización normativa entre os quioscos instalados en terreos de dominio público marítimo terrestre e na zona de servidume e da delimitación dos tramos naturais ou urbanos das praias que corresponde á administración competente en materia de Ordenación do territorio (Xunta de Galicia: CMTV) -artigo 67 e disposición transitoria vixésimo cuarta do Regulamento de costas, Rd. 876/2014-, a cal ten en tramitación un proxecto de decreto, considérase procedente solicitar a autorización sectoriais para o período 01 de xuño a 30 de setembro.

A ocupación, instalación e explotación dos servizos tempada, quioscos, deste plan de praias, realizarase por terceiros particulares. Neste ano é preciso realizar o procedemento de licitación para outorgar as autorizacións a terceiros ó ter remato o prazo de vixencia das anteriores autorizacións.

Co obxecto de axilizar este procedemento e que á data de inicio da tempada (30 de xuño) estean adxudicadas as autorizacións, tendo en consideración que no anos anteriores as autorizacións sectoriais non se recibiron ata finais de marzo e principios de maio (Xunta) sen tempo material para tramitar o procedemento de licitación e outorgar as autorizacións antes do inicio da tempada estival, considerase preciso que:

- Unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, o Concello procederá á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación; á aprobación dos pregos e a efectuar o procedemento de licitación.
- Unha vez recibidas as autorizacións sectoriais (Estado e Xunta de Galicia) proceder a súa incorporación ó procedemento e ao outorgamento das autorizacións ós terceiros que resulten do procedemento de licitación incorporando o seu contido.

Nas condicións técnicas destas instalacións que figurarán no correspondente prego, especificarase para cada un dos quioscos a obriga de contar con servizos hixiénicos públicos, así como o seu mantemento. Determinaranse, tamén, nese Prego as instalacións que deberán adaptarse para minusválidos.

Por último, cómpre sinalar respecto da posibilidade de instalar escolas de surf, bodiboard, longboard e paddle surf no dominio público marítimo terrestre que contempla o Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que:

- As praias de Vigo son eminentemente urbanas e contan na temporada estival cun número elevadísimo de usuarios nos areais e na lámina de auga. A súa alta afluencia e o seu uso prioritario para o baño suxire un problema importante de seguridade restrinxir este espazo e incorporar dentro das habituais zonas de baño outros usos diferentes.

- As zonas de práctica de surf no permiten a instalación dunha zona concreta balizada, pois obedecen a criterios meteorolóxicos e dependentes de moitos factores (mar de fondo, vento, mareas, etc), polo cal aínda instalando zonas balizadas propias para esta actividade,



Concello de Vigo

restrinxindo as zonas de baño, os usuarios solen desprazarse á mellor zona de práctica, este o non balizada, creando novamente problemas de seguridade para os bañistas.

- Independentemente das zonas balizadas establecidas na lámina de auga, a organización das actividades require un desprazamento diario de grandes materiais desde os seus emprazamentos de almacenaxe á propia lámina de auga. Este desprazamento constante implica un risco de seguridade para os usuarios do areal, e un malestar e fonte de queixas constante como xa pasou nas ocasións que algún destes servizos estivo presente nas praias.

Tamén, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do 22/05/2006 acordou aprobar os criterios técnicos a ter en conta polos servizos municipais para autorizar ou prohibir as actividades que se soliciten nos areais da cidade na temporada de verán, indicando como absolutamente prioritaria a preservación dos areais para o seu uso libre, público e común por parte de todos os cidadáns, para o baño e o descanso, e que as actividades de tipo lúdico que se propoñan durante o período estival só deberían autorizarse con carácter excepcional, de forma restritiva.

Polo exposto, con obxecto de garantir a seguridade dos bañistas e disfrute deste dos areais, en principio, non considera conveniente a instalación de servizos de escolas de surf, bodiboard, longboard e paddle surf, no dominio público marítimo terrestre, tanto no areal como na zona de auga balizada para o baño durante a temporada estival, polo que o plan de explotación de servizos de temporada polo Concello de Vigo limitarase os quioscos antes citados.

A vista do anteriormente exposto, ao abeiro das atribucións de competencias que establece o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local en relación coa Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobalo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2019, de acordo cos informes, planos e demais documentación obrante no expediente 13848/306, que se citan na parte expositiva deste acordo e consistente en:

- Documentación técnica redactada polos arquitectos municipais, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, e asinada electronicamente o 10 de decembro de 2018, sobre:

- Condicións urbanísticas dos emprazamentos propostos.
- Memoria descritiva das instalacións.
- Certificación de distancias entre quioscos.
- Fotografías emprazamentos.
- Planos de emprazamento dos quioscos con zonificación PXOM.

- Planos de emprazamento dos quioscos no que se representa a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre.

-

- Informe do Inspector municipal de Medio Ambiente de data 27 de novembro de 2018, sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2018, sen deterioro dos bens de dominio público.

- Informe do delineante municipal da Oficina de Inventario e Patrimonio de data 10 de decembro de 2018, sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.

SEGUNDO.- Remitir, a maior brevidade posible, este Plan de Ocupación e Explotación ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para a autorización da instalación dos quioscos de tempada que se emprazan en terreos de dominio público marítimo terrestre ou servidume de tránsito (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11) .

TERCEIRO.- Remitir, a maior brevidade posible, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) da Xunta de Galicia este plan de ocupación, instalación e explotación, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para que autorice a instalación dos quioscos de temporada a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestres (Quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).

CUARTO.- O concello garantirá que no procedemento de outorgamento das autorizacións de ocupación, instalación e explotación dos quioscos por terceiros se respectaran os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.

QUINTO.- Unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, o Concello procederá á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación da autorización garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación; á aprobación destes e a efectuar o procedemento de licitación.

Unha vez recibidas as autorizacións sectoriais (Estado e Xunta de Galicia) procederá a súa incorporación ó procedemento e ao outorgamento das autorizacións ós terceiros que resulten do procedemento de licitación incorporando o contido das autorizacións sectoriais para o seu cumprimento.



Concello de Vigo

SEXTO.- O concello de Vigo obrígase, como en anos anteriores, a esixir dos terceiros que resulten adxudicatarios das autorizacións en DPMT a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1478).- PRÓRROGA DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN NO PARQUE DE O CASTRO. EXPTE. 11550/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/12/18 e o informe xurídico de data 10/12/18, dáse conta do informe-proposta de 31/10/18, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Parques Xardíns e lo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.-A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 16 de decembro de 2016, acordou adxudicar á entidade mercantil Agronerga, SL (CIF B36448652) o contrato de servizo de mantemento, conservación e reposición do parque de O Castro (expte. 8492/446).

II.- Segundo a cláusula 4ª do contrato, o prazo do contrato será de 2 anos. A execución do contrato iniciouse en data 16 de xaneiro de 2017, polo que o prazo remata en data 15 de xaneiro de 2019.

III.- Con data 23 de outubro de 2018, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, a proposta do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, resolveu iniciar a tramitación do expediente de prórroga do contrato maio de servizo de mantemento, conservación e reposición do parque de O Castro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

De conformidade co disposto no punto 2 da disposición transitoria primeira da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior (TRLCS).

O artigo 23 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevea expresamente o contrario, sen que poda producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma sinala, a súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a caro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións Públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización de aquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

Na cláusula 4 do contrato dispónse que o prazo do contrato será de dous anos, contado a partir do 16 de xaneiro de 2017, contemplándose dúas prórrogas de un ano cada unha, polo que o prazo remata o vindeiro 15 de xaneiro de 2019.

Así mesmo, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP en adiante) do contrato dispón, na cláusula 7 establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das Follas Características do Contrato (FEC), sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e que o contratista non se opoña á mesma.

Finalmente, o apartado 4.C das FEC prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Na actualidade, o servizo de mantemento, conservación e reposición do parque de O Castro desenvólvese conforme ao disposto no prego de prescricións técnicas particulares, en canto que os labores de mantemento, conservación e reposición están sendo aplicados en tempo e forma en cada unha das distintas tipoloxías reflexadas, que se resumen en:

- Regas
- Segar dos céspedes
- Recorte e podas con tesoiras
- Fertilizados
- Recebados e conservación de camiños e paseos
- Aireación
- Entrecavado
- Angazado
- Limpeza
- Tratamento fitosanitario
- Conservación de trazado, sebes e perfilado das praderías.
- Conservación de arborado
- Poda do arborizado en rúas, paseos e xardíns



Concello de Vigo

Asemade, as características do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da prórroga.

Como xa se expuxo anteriormente, o prazo de execución do contrato remata o 16 de xaneiro de 2019, polo que, debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato maior de servizos de mantemento, conservación e reposición do parque de O Castro.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, a cal no seu artigo 3 dispón que:

“En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

Ante o exposto, de conformidade co establecido nos artigos 23 e 303 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e no apartado 4.C das FEC do contrato, e atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL), a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Autorizar a prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 16 de xaneiro de 2019 e o 15 de xaneiro de 2020, do contrato para a prestación do servizo de mantemento, conservación e reposición do parque de O Castro, dependente da concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, do que é actualmente adjudicataria a entidade mercantil, Agronerga, SL (CIF B36448652) por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria de data 16 de decembro de 2016 (expte. 8492/446).

O importe da prórroga será de 105.728,76 euros, dos que 101.323,40 euros corresponden ao orzamento do ano 2019 e 4.405,36 euros ao orzamento do ano 2020, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputará á partida 1710.2279904 “MANTEMENTO DO PARQUE DO CASTRO”.

SEGUNDO.- Para dar efectividade á prórroga, mantense as garantías definitivas constituídas pola empresa, Agronerga, SL, na Tesourería do Concello, por importes de 8.727,91 euros e 10 euros, segundo mandamentos de ingreso números 201600119227 e 201600120215, respectivamente, de datas 28 e 30 de novembro de 2016, nos mesmos termos do contrato adjudicado en data 16 de decembro de 2016 (expte. 8492/446).

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que o adopta no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Porén, interposto o recurso de reposición, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1479).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O ÚLTIMO TRIMESTRE DE 2018. EXPTE. 9230/307.

Dáse conta do informe-proposta do 14/12/18, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico e pola concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

En cumprimento da lexislación de aplicación sobre contratos menores (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público), este servizo de Patrimonio Histórico propón **dar conta á Xunta de Goberno Local dos tramitados durante o último trimestre de 2018**. Estes contratos foron adxudicados á oferta máis vantaxosa econonómicamente ou á única que se presentou:

n.º expte (307)	concepto	adxudicatario	Importe (euros)
9155	Impresión de folletos informativos actualizados sobre o xacemento villa romana de Toralla	RIVALDE, SL CIF B-36616761	756,25
9160	Limpeza de restos vexetais e lodos vertidos nos muíños municipais de Gontade como consecuencia do último temporal	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS CIF B-36746584	1721,01



Concello de Vigo

9157	Mantemento e conservación no Paseo de Odriozola situado no xardín histórico do pazo municipal Quiñones de León-Castrelos	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS CIF B-36746584	14483,95
9207	Adquisición de material técnico especial para actuacións sobre elementos do patrimonio histórico	VIVEIROS ADOA CIF B-36300564	3160,19
9162	Reposición de paneis do roteiro sensorial do xardín histórico do pazo municipal Quiñones de León, en Castrelos	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL CIF B-36917201	8888,42
9179	Deseño, fabricación e colocación de tres poemas na vía pública e reparación do existente na Porta do Sol (poema de Carlos Oroza)	ARTE BRONCE FUNDICIÓN SL CIF B-36154912	11858
9166	Soporte visual do acto de clausura do IV Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública	GLOBAL SETUP CIF B-94119104	640,57
9167	Actuación musical no acto de clausura do IV Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública	ACTURA 12 SL CIF B65758427	677,60
9170	Desenvolvemento das actuacións preparatorias e redacción do proxecto previo á licitación para selección do contratista das obras do V Programa para arrumar medianeiras e outros elementos con incidencia sobre a vía pública	XIANA ALONSO POBLACIÓN NIF 36164339J	10043,00

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

8(1480).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL FIXO CON CARGO A 11 PRAZAS VACANTES DE OFICIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, OEP 2014-2015-2016. EXPTE: 33085/220.

Visto o informe de fiscalización do 13/12/18, dáse conta do informe-proposta do 12/12/18, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas do proceso convocado para a provisión de once prazas de oficial instalacións municipais pola quenda de promoción interna, sistema de concurso-oposición, incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016, en réxime laboral e equiparadas ao subgrupo C2 de titulación; na súa sesión de data 24/10/2018 acordou propoñer ao órgano competente a contratación como empregados públicos laborais fixos, con cargo ás prazas vacantes de oficial instalacións municipais, aos once aspirantes que se enumeran a continuación por ser os que superaron todos os exercicios dos que constou o proceso selectivo e acadaron as máximas puntuacións tal e como se reflicte na táboa seguinte:

Orde	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL
1	ESTÉVEZ CURRÁS	JOSÉ MARÍA	3**6**1*-N	23,242
2	ESTÉVEZ DEAÑO	EDITA	*6**19**-G	22,800
3	CORZÓN VIEITES	MARÍA CRISTINA	36***5**-W	22,212
4	CAPELO GONZÁLEZ	DAVID	3*3***6*-R	21,975
5	SANTIBÁÑEZ PASCUAL	NURIA	*6**3**2-F	21,417
6	SIGNO MARTÍNEZ	PALMIRA	3**0*2**-D	20,430
7	ALONSO DE LA CAMPA	ALBERTO	36**9***-E	18,967
8	IGLESIAS PARENTE	SONIA MARÍA	3**4**8*-K	18,892
9	SEVILLA VALCÁRCEL	ÓSCAR	*31**1**-L	18,325
10	ARIZAGA IGLESIAS	MARÍA JOSÉ	3*0***8*-E	18,007
11	FERNÁNDEZ PIAY	SANTIAGO	3**9**0*-J	17,742

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 09/11/2018.

Os aspirantes propostos presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases, segundo informe técnico emitido no expediente.

De conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte



Concello de Vigo

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Contratar como empregados públicos municipais en réxime laboral fixo, con cargo ás prazas convocadas de **oficial instalacións municipais**, pola quenda de promoción interna, ás persoas que se relacionan na seguinte táboa e que foron propostas polo Órgano de Selección por ser os once aspirantes que acadaron as máximas puntuacións unha vez rematados todos os exercicios do concurso-oposición:

NOME E APELIDOS	DNI
JOSÉ MARÍA ESTÉVEZ CURRÁS	3**6**1*-N
EDITA ESTÉVEZ DEAÑO	*6**19**-G
MARÍA CRISTINA CORZÓN VIEITES	36***5**-W
DAVID CAPELO GONZÁLEZ	3*3***6*-R
NURIA SANTIBÁÑEZ PASCUAL	*6**3**2-F
PALMIRA SIGNO MARTÍNEZ	3**0*2**-D
ALBERTO ALONSO DE LA CAMPA	36**9***-E
SONIA MARÍA IGLESIAS PARENTE	3**4**8*-K
ÓSCAR SEVILLA VALCÁRCEL	*31**1**-L
MARÍA JOSÉ ARIZAGA IGLESIAS	3*0***8*-E
SANTIAGO FERNÁNDEZ PIAY	3**9**0*-J

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do *apartado B) Persoal laboral*, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberán asinar os aspirantes propostos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados, á Intervención Xeral, á Xefatura do Servizo de Educación, á Xefatura do Servizo de Deportes, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social e ao Comité de Persoal, para os efectos oportunos.

TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1481).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS E O MUSEO QUIÑONES DE LEÓN NO MES DE NOVEMBRO DE 2018. EXPTE. 2312/341.

Dáse conta do informe-proposta do 10/12/18, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2018, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e o Museo Quiñones de León (337) nos meses de **NOVEMBRO**, e que son os que deseguido se relacionan:

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2289/341. Subministración e instalación de novos elementos dos sistemas contraincendios en centros da Rede de Museos. SEGURIDAD MAR, S.L. RCM 89366.	15/11/18	15.606,53 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2290/341. Subministración e instalación de novos elementos dos sistemas antiintrusión en centros da Rede de Museos. SELTRON SISTEMAS DE SEGURIDAD ELECTRÓNICA, S.L. RCM 89367.	15/11/18	14.349,92 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2300/341. Contratación dos servizos de asesoramento para redacción de documentación técnica necesaria para a licitación do contrato maior de servizos de atención ao público en centros da rede de museos municipais. INTO GALICIA CONSULTING, S.L. RCM 96498.	30/11/18	6.655,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6500/337. Servizo de control e acondicionamento do material orgánico depositado no Museo Verbum. DOLORES ÁLVAREZ REY. RCM 87412.	07/11/18	998,25 €



Concello de Vigo

MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6513/337. Servizo de atención a investigadores da colección de Arqueoloxía do Museo Municipal "Quiñones de León". DATA GESTIÓN CULTURAL, S.L. RCM 88629.	13/11/18	193,60 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6512/341. Informe histórico-artístico de parte da obra proposta en doazón ao Museo Municipal "Quiñones de León". BEATRIZ LIZ DE CEA. RCM 91721.	22/11/18	1.421,75 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6522/337. Produción de material informativo suplementario das actuais exposicións da Pinacoteca "Francisco Fernández del Riego". ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. RCM 94898.	26/11/18	1.143,81 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6521/337. Informe de conservación das obras do Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León": "Retrato de Alfonso XII" (nº inv 9157) e "Retrato do Infante Alfonso XIII" (nº inv 9158) de Benigno Pereira Borrajo. MARIA ROSA SEOANE GÁMEZ. RCM 95596.	28/11/18	532,40 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(1482).- ADDENDA PARA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE VIXENCIA DO "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA TITULARIDADE DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO-LA GARRIDA. TRAMO IGREXA DE BEADE-A GARRIDA (PO 330) LUGAR DE PORTO". EXPTE. 4220/440.

Visto o informe de fiscalización do 11/12/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos, e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1.- Con data 29 de decembro de 2016, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE

PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO. Expte 4220/440". Dito convenio foi asinado polas partes con data de 30 de decembro de 2016.

2.- O citado convenio indica no pacto SÉTIMO.- VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN: O presente convenio de colaboración entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das actuacións previstas nel, fixándose en todo caso un prazo límite de execución ata o 31 de decembro de 2018. A vixencia do presente convenio de colaboración poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes.

II.- MOTIVACIÓN DA ADDENDA:

En relación ao desenvolvemento do citado convenio, o Concello de Vigo entre outras cuestións obrigase a redactar e aprobar o/s correspondente/s proxecto/s de obras, obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas, así como licitar, dirixir, executar, controlar e recibir as obras segundo os correspondentes proxectos técnicos. Estas actuacións atópanse executadas en distintas fases de acordo os datos que se indican a continuación:

a.- En relación as actuación do convenio para a EXECUCIÓN EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN DA "E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO.

En relación a execución desta actuación debese destacar a complexidade sobre a definición do proxecto , tanto en relación os tempos necesarios para a solicitude dos informes sectoriais perceptivos, así como a tramitación de cesións dos bens e dereitos sobre os inmobles afectados na execución da obra. Unha vez desenvoltas todas estas xestións a XGL de data 31 de agosto de 2018, aprobou o PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE-A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO". EXPTE. 3560/443. Este proxecto contempla un prazo de execución de 12 meses.

Na actualidade dito expediente se atopa en fase de aprobación do expediente de contratación para a súa licitación.

A vista dos antecedentes e da evolución administrativa dos expedientes conducentes a execución do obxecto do convenio de referencia, e de acordo co estipulado no artigo 49.h.-2º, da Lei 40/2010 de 1 de outubro de rexime xurídico do sector publico, foi proposto a comisión de seguimento que establece o citado convenio, a prorroga do prazo de vixencia de acordo coa seguinte:

- **De acordo co estipulado no pacto "Sétimo" dos convenios obxecto deste informe, propónse prorrogar a vixencia dos mesmos ata o 31 de decembro de 2020.**

En relación a proposta de a prorroga do prazo de vixencia do convenio de referencia, consta



Concello de Vigo

no expediente a acta da comisión de seguimento de data 21 de setembro de 2018, na cal se propón prorrogar a vixencia do convenio de colaboración entre a DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO, ata o 31 de decembro de 2020 de acordo co estipulado no artigo 49.h.- 2º, da Lei 40/2015 de 1 de outubro de rexime xurídico do sector público, e co estipulado no pacto 7º do convenio obxecto desta comisión de seguimento. Por outro lado, esta Comisión de Seguimento propón manter o resto de pactos deste convenio de colaboración tal e como están redactados e asinados o 30/12/2016.

Consta no expediente informe xurídico do Xefe do Servizo de Asesoramento Xurídico de Servizos Xerais de data 26.10.2018

III.- Proposta de aprobación da addenda:

A vista dos antecedentes descritos en relación a proposta de prorrogar a vixencia do citado convenio, aprobada pola Comisión de Seguimento na reunión do 21 de setembro de 2018, aprobada polo Pleno da Corporación Provincial de Pontevedra e sesión de data 30 de novembro de 2018, procede previo informe da Intervención Xeral, propoñer a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto da addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a cesión a este da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto e para a execución do proxecto de humanización da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto” ampliándoo ata o día 31 de decembro de 2020, cuxo texto se transcribe como sigue:

ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO.

Vigo, de de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal que desta Administración municipal lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

Interveñen, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, D^a M^a Concepción Campos Acuña e, como secretario xeral da Deputación de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay, que dan fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes declaran e se recoñecen mutuamente a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

EXPOÑEN

I.- Que con data de 30 de decembro de 2016 foi asinado o Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra para a iniciar o procedemento previsto na vixente Lei de Estradas de Galicia para a cesión por parte da Deputación Provincial ao Concello de Vigo da titularidade da “E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO, entre o Regato Quintián e o nº 77” e articular a colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o financiamento e a execución das obras precisas para a transformación e demais actuacións contempladas na “Memoria-resumo da AMPLIACIÓN ESTRADA DO PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77”.

II.- Que o convenio asinado, no seu pacto “Sétimo” indica que: “O presente convenio de colaboración entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das actuacións previstas nel, fixándose en todo caso un prazo límite de execución ata o 31 de decembro de 2018. A vixencia do presente convenio de colaboración poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes.”.

III.- Que o pacto “Sexto” do mesmo convenio prevé unha “Comisión de seguimento e control” para a execución do mesmo, así como para a formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os informes se refiran, coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas e resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes. Dita comisión de seguimento constituíuse en representación das partes pola preceptiva resolución da Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra de data 27 de xullo de 2018, e, no que ao Concello de Vigo se refire, pola resolución da Alcaldía-Presidencia de data 12 de setembro de 2018.

IV.- Que, en data 21 de setembro de 2018, a “Comisión de Seguimento” do Convenio de colaboración asinado entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo “para a cesión a este da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto para a execución do proxecto de humanización da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto”, en base o estado de execución do proxecto e a tramitación de cesión dos bens e dereitos sobre os inmobles afectados na execución da obra e as incidencias xurdidas nos mesmos, e tendo en conta que o proxecto de obra foi aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 31/08/2018, se acorda por



Concello de Vigo

unanimidade prorrogar a vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2020, co obxecto de adecuar o convenio as necesidades de execución real das obras.

V.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación temporal do “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para a cesión a este da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida. Tramo Iglesia de Beade A Garrida (PO 330). Lugar de Porto para a execución do proxecto de humanización da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida. Tramo Iglesia de Beade A Garrida (PO 330). Lugar de Porto”; conforme aos seguintes

CLAUSULAS:

PRIMEIRO.- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar o prazo de vixencia do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a cesión a este da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto e para a execución do proxecto de humanización da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto” ampliándoo ata o día **31 de decembro de 2020**.

SEGUNDO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 30 de decembro de 2016 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1483).- ADDENDA PARA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE VIXENCIA DO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA “ESTRADA PROVINCIAL 2002 GRAN VÍA-AVDA DE MADRID. RÚA EMILIA PARZO BAZÁN” E PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DE DITA ESTRADA NO TREITO ENTRE GRAN VÍA E AVDA. ARQUITECTO PALACIOS. EXPTE. 4152/440.

Visto o informe de fiscalización do 11/12/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos, e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1.- Con data 27 de decembro de 2016, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o "CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN A O CONCELLO DE VIGO DA "ESTRADA PROVINCIAL 2002- GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN" E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA "ESTRADA PROVINCIAL 2002- GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, NO TREITO ENTRE GRAN VÍA E A AVDA. ARQUITECTO PALACIOS. EXPTE. 4152/440. Dito convenio foi asinado polas partes con data con data de 30 de decembro de 2016.

2.- O citado convenio indica no pacto SÉTIMO.- VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN: O presente convenio de colaboración entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das actuacións previstas nel, fixándose en todo caso un prazo límite de execución ata o 31 de decembro de 2018. A vixencia do presente convenio de colaboración poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes.

II.- MOTIVACIÓN DA ADDENDA:

En relación ao desenvolvemento do citado convenio, o Concello de Vigo entre outras cuestións obrigase a redactar e aprobar o/s correspondente/s proxecto/s de obras, obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas, así como licitar, dirixir, executar, controlar e recibir as obras segundo os correspondentes proxectos técnicos. Estas actuacións atópanse executadas en distintas fases de acordo os datos que se indican a continuación:

a.- En relación as actuación do convenio para a EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA "ESTRADA PROVINCIAL 2002- GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, NO TREITO ENTRE GRAN VÍA E A AVDA. ARQUITECTO PALACIOS.

Esta actuación xa foi licitada e adxudicada (acordo da XGL de data 19/07/2018), atopándose previsto o inicio da obra para o 24/09/2018, cun prazo de execución de 12 meses.

A vista dos antecedentes e da evolución administrativa dos expedientes conducentes a execución do obxecto do convenio de referencia, e de acordo co estipulado no artigo 49.h.- 2º, da Lei 40/2010 de 1 de outubro de rexime xurídico do sector público, foi proposto a comisión de seguimento que establece o citado convenio, a prorroga do prazo de vixencia de acordo coa seguinte:

- **De acordo co estipulado no pacto "Sétimo" dos convenios obxecto deste informe, propónse prorrogar a vixencia dos mesmos ata o 31 de decembro de 2020.**

En relación a proposta de a prorroga do prazo de vixencia do convenio de referencia, consta no expediente a acta da comisión de seguimento de data 21 de setembro de 2018, na cal se propón prorrogar a vixencia do convenio de colaboración entre a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A O CONCELLO DE VIGO DA



Concello de Vigo

“ESTRADA PROVINCIAL 2002- GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN” E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA “ESTRADA PROVINCIAL 2002- GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, NO TREITO ENTRE GRAN VÍA E A AVDA. ARQUITECTO PALACIOS, ato o 31 de decembro de 2020 de acordo co estipulado no artigo 49.h.- 2º, da Lei 40/201e de 1 de outubro de rexime xurídico do sector publico, e co estipulado no pacto 7º do convenio obxecto desta comisión de seguimento. Por outro lado, esta Comisión de Seguimento propón manter o resto de pactos deste convenio de colaboración tal e como están redactados e asinados o 30/12/2016.

III.- Proposta de addenda:

A vista dos antecedentes descritos en relación a proposta de prorrogar a vixencia do citado convenio, aprobada pola Comisión de Seguimento na reunión do 21 de setembro de 2018, aprobada polo Pleno da Corporación Provincial de Pontevedra e sesión de data 30 de novembro de 2018, procede previo informe da Intervención Xeral, propoñer a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto da addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a cesión a este da estrada provincial 2002 – Gran Vía Avda. Madrid. Rúa Emilia, Pardo Bazán e para a execución do proxecto de humanización da estrada provincial 2002 – Gran Vía Avda. Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, no treito comprendido entre a Gran Vía e a Avda. Arquitecto Palacios”, ampliándoo ata o día 31 de decembro de 2020, cuxo texto se transcribe como sigue:

ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL 2002 - GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA, PARDO BAZÁN E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL 2002 - GRAN VIA AVDA MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, NO TREITO COMPRENDIDO ENTRE A GRAN VÍA E A AVDA. ARQUITECTO PALACIOS.

Vigo, de de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal que desta Administración municipal lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

Interveñen, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, D^a M^a Concepción Campos Acuña e, como secretario xeral da Deputación de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay, que dan fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes declaran e se recoñecen mutuamente a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

EXPOÑEN

I.- Que con data de 30 de decembro de 2016 foi asinado o Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra para a iniciar o procedemento previsto na vixente Lei de Estradas de Galicia para a cesión por parte da Deputación Provincial ao Concello de Vigo da titularidade da “E.P. 2002 GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN” e articular a colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o financiamento e a execución do proxecto de humanización da “E.P. 2002 – GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, NO TREITO COMPRENDIDO ENTRE A GRAN VÍA E A AVDA. ARQUITECTO PALACIOS”.

II.- Que o convenio asinado, no seu pacto “**Sétimo**” indica que: “O presente convenio de colaboración entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das actuacións previstas nel, fixándose en todo caso un prazo límite de execución ata o 31 de decembro de 2018. A vixencia do presente convenio de colaboración poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes.”.

III.- Que o pacto “Sexto” do mesmo convenio prevé unha “Comisión de seguimento e control” para a execución do mesmo, así como para a formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os informes se refiran, coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas e resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes. Dita comisión de seguimento constituíuse en representación das partes pola preceptiva resolución da Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra de data 27 de xullo de 2018, e, no que ao Concello de Vigo se refire, pola resolución da Alcaldía-Presidencia de data 12 de setembro de 2018.

IV.- Que, en data 21 de setembro de 2018, a “Comisión de Seguimento” do Convenio de colaboración asinado entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo “para a cesión a este da estrada provincial E.P. 2002 – Gran Vía Avda. Madrid. Rúa Emilia, Pardo Bazán e para a execución do proxecto de humanización da estrada provincial 2002 – Gran Vía Avda. Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, no treito comprendido entre a Gran Vía e a Avda. Arquitecto Palacios”, en base a que inicio da obra estaba previsto para o 24/09/2018, cun prazo de execución de 12 meses, se acorda por unanimidade prorrogar a vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2020, co obxecto de adecuar o convenio as necesidades de execución real das obras.

V.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación temporal do “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para a cesión a este da estrada provincial 2002 – Gran Vía Avda. Madrid. Rúa Emilia, Pardo Bazán



Concello de Vigo

e para a execución do proxecto de humanización da estrada provincial 2002 – Gran Vía Avda. Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, no treito comprendido entre a Gran Vía e a Avda. Arquitecto Palacios”; conforme aos seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRO.- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar o prazo de vixencia do “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para a cesión a este da estrada provincial 2002 – Gran Vía Avda. Madrid. Rúa Emilia, Pardo Bazán e para a execución do proxecto de humanización da estrada provincial 2002 – Gran Vía Avda. Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, no treito comprendido entre a Gran Vía e a Avda. Arquitecto Palacios”, ampliándoo ata o día **31 de decembro de 2020**.

SEGUNDO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 30 de decembro de 2016 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo A Presidenta da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Abel Caballero Álvarez Asdo.: María del Carmen Silva Rego

A Secretaria do Concello de Vigo O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: M^a Concepción Campos Acuña Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

SEGUNDO.- Dar traslado de presente do presenta acordo a Deputación Provincial de Pontevedra para a formalización e sinatura da presente addenda.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1484).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE, (R A. 17/12/18)

Francisco Javier Pardo Espiñeira.